

COMPAÑÍA/ESPECTÁCULO

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

BREVE DESCRICIÓN

Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz? ¿Que pasa cando un pallaso se fai preguntas e se responde a si mesmo no medio das súas rutinas? ¿Que lle ocorre a un pallaso cando se decata de que está neste mundo para algo máis que se erguer todos os días?

Asústase..., e volve ser un pallaso.

Un tendedeiro en equilibrio, seis instrumentos interpretados ao vivo: guitarra eléctrica, guitarra portuguesa, acordeón, entre outros, e ata Peter punk se atreve coa armónica!! Un salto ao baleiro en miniciclo e a Chungatrona: unha máquina de rebeldía pallasa. Eses son só algúns dos elementos desta novidosa proposta teatral dirixida polo recoñecido director argentino Walter Velázquez e no que participan Peter Punk e Brais das Hortas.

Esta é unha obra que destaca polo seu coidado guión, a elaboración e enxeño das rutinas e a súa novidade é un grande traballo de dirección, así como una orixinal escenografía. Un espectáculo que, a pesar da altura do listón, supera as anteriores propostas escénicas de Peter Punk: artista novo, máis con ampla e recoñecida traxectoria dentro e fóra do país.

Un músico e un artista de circo. Dous pallasos en constante reconciliación consigo mesmos, entre eles e co mundo enteiro. Un delirio nun monociclo pinchado. Diversión, música ao vivo, momentos de tensión e perigo. A importancia da dimensión humana e solidaria do clown de calidade... un espectáculo que a través do humor non esquece a solidariedade cos nenos e nenas, especialmente os que viven en situacións de conflito. Unha marca da compañía Peter Punk tan recoñecible como o seu humor gamberro e as risas que inundan as súas actuacións.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: **Isaac Rodríguez Miranda (Peter Punk) e Brais Gutiérrez (Brais das Hortas)**

Escenografía: **Isaac Rodríguez Miranda (Peter Punk) e Brais Gutiérrez (Brais das Hortas)**

"Chungatrona": **Fino**

Música orixinal: **Brais Gutiérrez**

Coreografía: **Xenia Tártari**

Produción: **Peter Punk e Coperactiva Cultural-Culturactiva**

Dirección: **Walter Velázquez**

Técnica teatral: **Clown, Humor e Malabares**

Duración do espectáculo: **60 minutos**

Público: **para todos os públicos**

